

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPONSA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SESELLE
Promotor	GALENERGY, S.L.U
Localización	CONCELLOS DE OZA - CESURAS (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2020/10

SOLICITANTE: Subdirección Xeral de Enerxía da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 16/11/2020 e número de rexistro de entrada 2020/1594789, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia. Posteriormente con data 30/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1814813 recibe unha reiteración da solicitude de informe.
- Con data 07/02/2022 e número de rexistro 2022/233134 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 29/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/681880, o Servizo de Enerxía e Minas da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 07/02/2022.
- Con data 22/04/2022 e número de rexistro 2022/857797 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 18/05/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1051507, o Servizo de Enerxía e Minas da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 22/04/2022.
- Con data 03/06/2022 e número de rexistro 2022/1188502 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 10/08/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1655655, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da traslado

da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 03/06/2022.

- Con data 25/08/2022 e número de rexistro 2022/1716632 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 26/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1899467, a Subdirección Xeral de Enerxía da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 25/08/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que se emite informe favorable sempre en cando se teña en conta as seguintes puntualizacións:

- Con respecto ao sistema SCADA de control de parada dos aeroxeradores, a documentación presentada non permite avaliar os resultados prácticos do mesmo. O sistema en principio parece viable pero a súa eficacia condicionará a resposta favorable emitida no presente informe.
- Polo anteriormente exposto, o plan de vixilancia ambiental deberá contemplar un seguimento individualizado dos receptores que sobrepasan o limiar de 8 h/ano para o "caso real", que permita coñecer a eficacia do sistema SCADA, avaliando as paradas realizadas polo sistema en función da superación dos limiares medidos nos receptores correspondentes.



Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

